



RESOLUCIÓN do 15 de febreiro de 2018 da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, pola que se convoca o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación, modalidade de marisqueo xeral a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de O Pindo.

• **Antecedentes.**

1. A Orde de 22 de decembro de 2017 aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2018 (DOG Núm. 246, de 29 de decembro de 2017), e de conformidade co expediente de aprobación do plan conxunto de explotación das confrarías de Lira e O Pindo de moluscos bivalvos a pé en libre marisqueo, aprobado para 2018, contemplouse:

" Participantes: O número de participantes autorizados neste plan de explotación, de acordo co proceso de renovación de permisos, é de 18 contando coa cobertura de vacantes pendente en O Pindo (2 prazas).

Aprobase a ampliación de 1 mariscador/a por confraría. "

De acordo co proceso de renovación de permisos de explotación a pé para o ano 2018 na confraría de O Pindo, o número de persoas mariscadoras autorizadas nesa entidade foi de 7, por tanto son 3 as prazas por cubrir ata acadar o número máximo de 20 permisos establecido no plan (10 por confraría).

2. O 7 de febreiro de 2018 esta xefatura territorial remitiu proposta á confraría de pescadores de O Pindo para proceder ao outorgamento dos tres (3) permisos de explotación comentados. Nesta comunicación outorgábaselles un prazo de tres (3) días hábiles para que presentasen as observacións que considerasen oportunas. Transcorrido o dito prazo non se recibiu resposta por parte da entidade.


• **Consideracións legais e técnicas.**

1. A Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, regula no artigo 6 e seguintes o procedemento para a obtención do permiso de explotación.

2. Todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución serán valoradas de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e que figura como anexo B desta resolución.

3. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

De acordo con todo o anterior, e co disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG nº 84, do 1 de maio de 2009), polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016 (DOG nº 239, do 16 de decembro de 2016), polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, esta xefatura territorial ~~no exercicio das súas competencias,~~





RESOLVO:

Convocar o proceso selectivo para a obtención de tres (3) permisos de explotación, modalidade de marisqueo xeral a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de O Pindo, con suxeición ás bases da convocatoria recollidas no anexo A.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, 15 de febreiro de 2018
O xefe territorial

Juan Carlos Barreiro González

